

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Decreto 138/1999, do 7 de maio, polo que se modifica o Decreto 202/1998, do 25 de xuño, polo que se crean os Premios Galicia de Investigación.

O Decreto 202/1998, do 25 de xuño, creou os Premios Galicia de Investigación. No seu artigo 8º insitúese o Premio Galicia de Innovación Empresarial dirixido ás pequenas e medianas empresas (Pemes) galegas. Nembargantes, parece oportuno permitirla participación no citado premio doutras Pemes, que aínda que non sexan galegas, teñan algún tipo de vinculación coa Comunidade Autónoma, así como incentivar cunha dotación económica a participación das empresas nel.

Polo tanto, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de maio de mil novecentos noventa e nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 8º do Decreto 202/1998, do 25 de xuño, quedando redactado como segue:

Artigo 8º

Créase o Premio Galicia á Innovación Empresarial, consistente nun diploma acreditativo e unha placa conmemorativa. Así mesmo, este premio poderá levar asociada unha dotación económica que se fixará, de se-lo caso, na orde de convocatoria.

O premio está destinado a recoñecer e estimular o esforzo innovador por parte das pequenas e medianas empresas (Pemes) galegas. Non obstante, tamén poderán ser obxecto de premio outras Pemes non galegas con algún tipo de vinculación acreditada con Galicia.

O premio, que terá periodicidade anual, será outorgado por proposta dun xurado designado na orde de convocatoria e do que poderán formar parte representantes da Confederación de Empresarios de Galicia.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de maio de mil novecentos noventa e nove.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Orde do 5 de maio de 1999 pola que se crea o Rexistro Autonómico de Mutualidades de Previsión Social Non Integradas na Seguridade Social.

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado en virtude da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, non lle recoñecía inicialmente a esta Comunidade Autónoma competencia en materia de mutualidades de previsión social.

Sen embargo, a través da Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, transfírese á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva, entre outras, sobre mutuas non integradas no sistema de Seguridade Social, coa finalidade de equiparar nesta materia as competencias desta Comunidade Autónoma coas doutras.

En aplicación da citada lei orgánica, mediante o R.D. 1642/1996, do 5 de xuño, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración xeral do Estado en materia de mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social.

Pola súa parte, o Decreto 340/1996, do 13 de setembro, asigna as funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mutualidades de previsión social á Consellería de Economía e Facenda. E o Decreto 13/1997, do 23 xaneiro, de estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda adscribe as competencias á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

Por outra banda, o Real decreto 2615/1985, do 4 decembro, polo que se aproba o Regulamento de entidades de previsión social, establece no seu artigo 13 que as comunidades autónomas con competencia exclusiva na materia, poderán levar rexistros especiais constitutivos.

Con base en todo o anterior, créase un rexistro específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se rexistren as entidades de que se trata, se anoten os feitos máis significativos que lles afecten e todas aquelas cuestións que deban ser rexistradas de acordo coa normativa vixente.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Creación e ámbito do rexistro.

Créase o Rexistro Autonómico de Mutualidades de Previsión Social Non Integradas na Seguridade Social (en diante rexistro), adscrito á Consellería de Economía e Facenda, Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro que xorde coa finalidade de que a Administración autonómica teña coñecemento da situación das entidades inscritas no mesmo.

No Rexistro de Mutualidades de Previsión Social da Comunidade Autónoma de Galicia inscribíranse os actos suxeitos a inscrición das mutualidades que teñan o seu enderezo social e ámbito de operacións no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Da mesma maneira tamén se inscribirán as agrupacións e federacións de mutualidades, sempre que o seu ámbito de actuación se circunscriba á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Carácter e efectos do rexistro.

O rexistro ten carácter constitutivo e a súa eficacia baséase nos principios de publicidade formal e de legalidade, ten carácter público e non se poderá invoca-la súa ignorancia.

A inscrición dos actos de constitución, fusión e escisión das mutualidades é requisito indispensable para o exercicio da previsión social voluntaria.

Artigo 3º.-Libro de rexistro.

No rexistro levarase un libro de rexistro destas entidades, as cales se numerarán correlativamente; este libro comporase dun sistema de follas intercambiabes normalizadas e singularizadas para cada unha das entidades, e numeraranse correlativamente os seus asentamentos de inscrición, segundo unha orde cronolóxica.

No caso de que unha mesma entidade necesitase máis dunha folla, consignarase nas sucesivas follas de inscrición o correspondente número, e estes serán correlativos.

Artigo 4º.-Asentamentos rexistrais.

No libro de rexistro inscribírense as seguintes clases de asentamentos:

- a) Inscricións; a primeira das cales será a de constitución.
- b) Anotacións.
- c) Cancelacións.

A redacción dos asentamentos farase de forma breve e levará a data de presentación do documento correspondente.

Artigo 5º.-Das inscricións.

No libro de rexistro inscribíranse:

- a) A constitución de mutualidades de previsión social, das súas agrupacións e federacións.
- b) A aprobación dos estatutos e dos regulamentos de prestacións e a súas modificacións.
- c) Os nomeamentos das persoas que integran a xunta directiva e as súas sucesivas renovacións, así como o daqueles que baixo calquera título leven a dirección efectiva da entidade.
- d) A aprobación da fusión de mutualidades de previsión social.
- e) A aprobación da escisión dunha mutualidade de previsión social.

f) A resolución aprobatoria da disolución das mutualidades de previsión social.

g) Calquera outro feito cando así o requira a lexislación vixente.

Artigo 6º.-Das anotacións.

No libro de rexistro constarán como anotacións:

- a) A adaptación de estatutos e regulamentos de conformidade co que dispoña a normativa vixente en cada momento.
- b) A revogación da autorización administrativa para efectuar previsión social a unha entidade.
- c) A intervención e as medidas cautelares.
- d) A situación de liquidación da entidade.
- e) Aqueles feitos referentes a mutualidades de previsión social que sendo relevantes non poidan ser obxecto de asentamento de inscrición.

Artigo 7º.-Das cancelacións.

Por nota marxinal cancelaranse as anotacións.

Artigo 8º.-Datos da folla inicial de apertura de inscrición.

Os datos que se farán constar ó face-la primeira inscrición dunha entidade na folla inicial de apertura serán:

-Novo número de inscrición (conservará o número de inscrición que tiña anteriormente no libro dedicado ás mutualidades de previsión social do Rexistro Especial de Entidades Aseguradoras da Dirección Xeral de Seguros do Ministerio de Economía e Facenda).

-Nome da entidade.

-Domicilio social con expresión da localidade e comarca.

-Ámbito territorial de actuación principal.

-Número de asociados fundadores.

-Importe do fondo mutual.

-Situación económico-financeira da entidade.

Artigo 9º.-Publicidade do rexistro.

O rexistro terá carácter público, nos termos e coas limitacións previstas nos artigos 35.h) e 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais disposicións vixentes na materia.

Mediante solicitude por escrito na que se exprese a identidade do solicitante e o motivo, poderán acceder ós datos do rexistro non soamente os titulares, senón tamén os que acrediten un interese lexítimo e directo.

A publicidade farase efectiva por certificación do contido dos asentamentos expedida pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

Tamén poderá realizarse mediante expedición de nota simple informativa expedida polo encargado do rexistro, ou por copia dos asentamentos e dos documentos depositados correspondentes a unha entidade determinada.

Disposicións transitorias

Primeira.-A documentación das mutualidades de previsión social traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do R.D. 1642/1996, do 5 de xuño, que figuran como anexo á presente orde, que figurasen en rexistros ou expedientes que foron obxecto de traspaso, trasladaranse ó rexistro creado por esta orde. Independentemente disto poderáselles pedir ás mutualidades a documentación que fose necesaria para completa-la inscrición.

Segunda.-As sucesivas inscricións relativas ás mutualidades de previsión social obxecto de traspaso efectuaranse na forma prevista na presente orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Política Financeira e Tesouro para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 1999.

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

ANEXO

Relación de mutualidades das que se traspasou documentación á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do R.D. 1642/1996, do 5 de xuño.

-Unión de Artesanos, mutualidade de previsión social.

-Montepío de previsión social do Noroeste.

-Mutualidade de previsión social a prima fixa Citroën-Vigo.

-Mutualidade Labauto-Allibert Ourense de previsión social.

-Mutualidade de previsión social a prima fixa do persoal de Indugasa.

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Decreto 139/1999, do 7 de maio, polo que se regula a actividade de prestación a domicilio de servizos de mantemento, reparación e reforma.

Nos termos do disposto no artigo 30.I.4º, do Estatuto de autonomía de Galicia, esta Comunidade Autó-

noma ten competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e usuario.

O Estatuto galego do consumidor e usuario, aprobado pola Lei 12/1984, do 28 de decembro, establece entre os dereitos básicos dos consumidores e usuarios da Comunidade Autónoma de Galicia, a protección dos seus intereses económicos e a información adecuada sobre os diferentes servizos.

O presente decreto pretende garanti-lo equilibrio nas relacións entre o consumidor e os que se dedican profesionalmente a unha actividade tan primordial para o usuario como é o mantemento da súa vivenda sen que por isto se pretenda delimita-lo exercicio da súa actividade profesional. O sector de servizos a domicilio, pola súa incidencia económica sobre o cidadán e pola ausencia dunha regulación, é un dos que presenta frecuentes conductas contrarias ós intereses do consumidor. Por esta razón é necesario dar unha resposta ós problemas que neste sector se presentan en relación coa prestación do servizo propiamente dito, o dereito do consumidor a obter un orzamento por escrito antes de iniciarse a prestación do servizo, a obriga do prestador de emitir factura ou xustificante de pagamento, así como a entrega dun documento de garantía, todo isto dirixido a conseguir unha efectiva protección dos dereitos dos consumidores e usuarios.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Industria e Comercio, logo de audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios, os sectores afectados, oído o Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de maio de mil novecentos noventa e nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. A presente disposición regula no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a prestación a domicilio de servizos de mantemento, reparación e reforma ós consumidores e usuarios levados a cabo por aquelas persoas físicas ou xurídicas, en exclusiva ou non, que se dediquen ás devanditas actividades, sen mediar relación laboral co beneficiario da actividade, co obxecto de protexe-los intereses económicos daqueles e garanti-lo seu dereito a unha correcta información sobre os citados servizos.

2. Para os efectos do establecido no presente decreto enténdese por servizos a domicilio tódolos destinados ó mantemento, reparación e reforma de vivendas e locais en xeral, así como das súas instalacións e edificacións anexas, xa sexan de propiedade común ou individual.

3. Igualmente, teñen a consideración de servizos a domicilio non só os que se realicen no mesmo domicilio do consumidor, senón tamén os que se leven a cabo no taller do prestador deles, sempre e cando este proceda, posteriormente, a instala-lo obxecto na vivenda ou local do cliente.